

**AXUDAS PARA O APOIO A ESTREAS DE
LONGAMETRAXES CINEMATOGRAFICAS
FÓRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
DE GALICIA**

2006



consorcio audiovisual
de **Galicia**

RESOLUCIÓN DO DIRECTOR-XERENTE DO CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA, DE DATA 26 DE XUÑO DE 2006, POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA O APOIO A ESTREAS DE LONGAMETRAXES CINEMATográfICAS FÓRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O Consorcio Audiovisual de Galicia, no exercicio das súas finalidades específicas, de conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia e no artigo 2 dos seus estatutos, considera oportuno establecer accións de promoción do produto audiovisual galego, actuación encadrable no ámbito das súas finalidades e no Plan de Internacionalización do sector audiovisual galego, promovido polo Consorcio Audiovisual de Galicia e recollido no Plan de Actividades do Consorcio para o exercicio 2006. Esta promoción levarase a cabo mediante o apoio de estreas de longametraxes cinematográficas fóra da Comunidade Autónoma de Galicia. Considérase adecuado establecer esta vía de apoio nun sector do audiovisual que empeza a emerxer en mercados internacionais, coa finalidade de que a medio prazo se consolide a súa presenza no exterior.

No exercicio das delegacións expresas, concedidas polo presidente do Consorcio Audiovisual de Galicia;

RESOLVE

1. Establecer as bases da convocatoria de apoio a estreas de longametraxes cinematográficas fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, suxeitándose á normativa de subvencións e axudas públicas, artigo 5.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, de acordo coas bases do anexo I.
2. De acordo co punto 11.4 dos Estatutos, esta Resolución non esgota a vía administrativa, e cabe contra ela recurso de alzada ante o Consello de Dirección nos prazos e cos requisitos que establece a lei de procedemento administrativo. Contra a resolución do Consello de Dirección, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, ou acudir directamente á Xurisdicción contenciosa administrativa nos prazos que establece a Lei reguladora desta.

ANEXO I - BASES

1. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é o apoio ao acto de estrea/preestrea de longametraxes cinematográficas galegas en salas comerciais fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, para elevar os ingresos obtidos pola venda de películas nas distintas canles de distribución, así como para mellorar o coñecemento e a imaxe xeral do cine galego. O obxectivo é dotar aos produtores galegos dun instrumento que lles permita incentivar aos distribuidores estranxeiros para estrear as películas obxecto do seu interese en salas comerciais, ou animalos para que amplíen o seu “plan de distribución e promoción” inicial.

2. Orzamento

O orzamento dedicado a estas axudas será de 120.000 €, que se imputará ao capítulo VII de gastos do Consorcio destinado a este fin no ano 2006.

3. Beneficiarios

Poderán optar a estas axudas as empresas de produción cinematográfica independentes que estean legalmente constituídas en Galicia, con sede social e domicilio fiscal en Galicia ou establecidas nun estado membro da Unión Europea con axencia permanente en Galicia.

4. Requisitos para acceder ás axudas

Para poder optar ás axudas deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Debe tratarse dunha produción ou coprodución galega. No caso das coproducións, a participación económica da produtora galega deberá ser superior ao 30% do orzamento de produción da película e/ou posuír, como mínimo, o 20% dos dereitos de explotación da obra audiovisual a estrear, o que deberá ser acreditado con certificación do ICAA ou EGEDA.
- Deberá tratarse dunha película de longametraxe de ficción, de animación ou documental cunha duración non inferior a 60 minutos.
- A produción a estrear debe contar con máis de 10 copias no momento da súa estrea comercial en España, o número de copias reducirase a 4 no caso de países estranxeiros.
- A solicitude deberá presentarse pola produtora, que deberá dispoñer dun contrato e/ou acordo de distribución no territorio en cuestión e dun plan de promoción e marketing viable para o produto audiovisual para o que se solicita a axuda.

O período de cobertura deste programa cubre películas estreadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2006.

Tratarase sempre de actos previos ou simultáneos á presenza das copias nas salas cinematográficas.

5. Órgano de xestión

Corresponderalle ao Consorcio Audiovisual de Galicia a realización das tarefas de xestión necesarias para a concesión das axudas previstas na convocatoria.

6. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes, xunto coa documentación necesaria, poderán presentarse na sede do Consorcio Audiovisual de Galicia (Rúa do Hórreo, 61 – 15702 Santiago de Compostela) ou por calquera dos medios indicados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes poderán presentarse dende o día seguinte ao anuncio desta Resolución no Diario Oficial de Galicia e ata o 1 de decembro de 2006.

O modelo de solicitude poderase obter no enderezo de Internet www.consorcioaudiovisualdegalicia.org ou ben na sede do propio Consorcio.

7. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables, aos efectos destas axudas, os derivados de:

- **Publicidade en calquera tipo de medio:** Inclúe tanto a creatividade do material a utilizar na estrea a realizar no territorio obxecto de axuda, como a adaptación do existente, a súa realización e custe de inserción en calquera tipo de medio. Deberán achegarse orixinais da publicidade realizada no momento da xustificación do gasto.
- **Material de difusión e promoción:** Inclúe a elaboración de folletos, carteis e demais material informativo impreso ou audiovisual, así como expositores que se realicen con motivo da estrea.
- **Prensa:** Inclúe os gastos de contratación de axencias de relacións públicas ou axentes de prensa para actividades de promoción da película no país de estrea. Asemade, inclúense os gastos derivados da organización de roldas e pases de prensa.
- **Traslados do equipo de produción e/ou artístico:** Comprende os gastos de desprazamento e aloxamento (pasaxes e hotel) dos actores principais, do director da película e dos produtores, para realización de actividades de promoción con motivo da estrea da película. Na documentación xustificativa dos gastos, deberán aparecer claramente indicados os nomes dos artistas e do director.
- **Tirada de copias:** Fai referencia aos gastos de realización das copias, aos gastos do proceso de dobraxe e subtitulado para cine e calquera outro gasto inherente ao proceso de tiraxe e mantemento de copias precisas para o acto de estrea/preestrea.
- **Outros gastos:** Aquí inclúense todos aqueles gastos de accións non mencionadas anteriormente e que se realicen con motivo da promoción da película para a súa estrea.

A presentación do investimento subvencionable será previa ao acto de estrea, mediante a entrega dun orzamento detallado do custo real do acto a desenvolver (punto 4 do formulario de solicitude) ou mediante a xustificación de gastos no caso de estrearse con anterioridade ao establecemento destas axudas.

8. Importe das axudas

O importe da axuda non poderá superar en ningún caso o 40% do orzamento presentado para o acto de estrea/preestrea (punto 4 do formulario de solicitude), IVE excluído, establecéndose unha cantidade máxima de 12.000 euros por estrea e país, sempre que exista dotación orzamentaria.

9. Documentación a presentar no momento da solicitude

a) Formulario de solicitude que inclúa (Anexo II):

- Datos sobre a empresa produtora.
- Datos sobre a longametraxe obxecto de solicitude.
- Datos sobre a distribuidora da película no territorio da estrea.
- Plan de distribución, promoción e marketing.
- Orzamento detallado do plan de marketing.
- Orzamento do acto de estrea/preestrea da produción.
- Relación de documentación que se xunta.

b) Documentación da produtora solicitante:

- Escrituras de constitución da empresa e escrituras de poder do representante.
- Copia do CIF da empresa solicitante.
- Declaración do representante da empresa de non ter débedas coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social. No caso de recibir a axuda deberá presentar certificados acreditativos no momento da xustificación.
- No caso de tratarse de coproducións, deberá achegarse declaración xurada do produtor executivo na que figure a conformidade de todos os coprodutores a que a produtora solicitante participe neste programa.
- Declaración do representante da empresa de que a longametraxe a estrear conta con máis de 10 copias no momento da súa estrea comercial en España e 4 copias en caso de países estranxeiros.

c) Documentación xeral:

- Copia completa con anexos do contrato de distribución entre a empresa distribuidora para o territorio obxecto de solicitude da axuda e a produtora, asinado polo representante legal da produtora galega.

-
- Certificación do ICAA ou EGEDA da participación económica da produtora galega, que deberá ser superior ao 30% do orzamento de produción da película e/ou posuír como mínimo o 20% da propiedade dos dereitos de explotación da longametraxe a estrear.
 - Copia en DVD da película obxecto de solicitude.

10. Tramitación, Órgano instrutor, Órgano colexiado e Criterios de Valoración

O Servizo competente do Consorcio Audiovisual de Galicia tramitará as solicitudes e instrumentará os procedementos necesarios para a concesión da subvención.

A proposta de concesión formularáselle ao Presidente do Consorcio Audiovisual de Galicia por un órgano colexiado, que terá a seguinte composición:

- O Director-Xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia.
- O Vicepresidente 1º do Consorcio Audiovisual de Galicia.
- Como secretario, o Secretario do Consello de Dirección do Consorcio Audiovisual de Galicia.

As solicitudes valoraranse e, se cumpren os requisitos desta Resolución, obterán axuda segundo a prelación que determine a súa presentación no Rexistro do Consorcio Audiovisual de Galicia.

Para a concesión ou denegación da axuda atenderase exclusivamente ao cumprimento dos requisitos da presente convocatoria e ata o límite orzamentario sinalado no punto 2.

Cada solicitude xerará unha resolución individual.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

11. Notificación, aceptación e publicidade

1. A comunicación do Consorcio faráselle á produtora beneficiaria da axuda. Informaráselle do importe e do detalle dos conceptos aprobados, de acordo coas seguintes porcentaxes:

- Publicidade en calquera medio: Ata un máximo do 40% da axuda.
- Material de difusión e promoción: Ata un máximo do 40% da axuda.
- Prensa: Ata un máximo do 40% da axuda.
- Copias: Ata un máximo do 20% da axuda.
- Traslados: Ata un máximo do 30% da axuda.
- Outros gastos: Ata un máximo do 30% da axuda.

2. No caso de que se producisen modificacións nas datas de estrea e/ou nos orzamentos inicialmente presentados na solicitude, a empresa deberá comunicalo ao Consorcio antes da estrea da película.

3. Notificada a resolución de subvención, os beneficiarios deberán manifestar expresamente a súa aceptación, empregando o modelo que figura como Anexo III desta convocatoria. De non recibirse aceptación no prazo de 10 días naturais, entenderase que o beneficiario renuncia á subvención concedida e procederase, sen máis trámite, ao arquivo do expediente.

4. A publicidade das axudas adxudicadas efectuarase no Diario Oficial de Galicia e tamén segundo o previsto no artigo 44 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 2006.

5. De igual xeito farase unha publicación periódica das axudas na web do Consorcio Audiovisual de Galicia: **www.consorcioaudiovisualdegalicia.org**

12. Prazo para resolver e recursos

Transcorrido o prazo de tres meses dende a presentación da solicitude sen que o órgano instructor notificase resolución expresa, as produtoras solicitantes poden entender como desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, podendo interpoñer recurso de alzada ante o Consello de Administración do Consorcio, e contra a resolución desa alzada cabe recurso de reposición. Contra a desestimación expresa ou presunta desa reposición, caberá recurso contencioso ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses.

13. Xustificación das axudas

Deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende a estrea da película, sen que este supere o 31 de decembro de 2006. Para a xustificación das axudas deberá presentarse:

1. Relación das facturas emitidas a nome da produtora solicitante que xustifiquen o total dos gastos subvencionables, respectando as porcentaxes dos conceptos aprobados no punto 11.1, podendo aceptarse unha variación do 10% entre os distintos conceptos aprobados.
2. Xustificación documental do desenvolvemento da actividade, mediante a presentación dun dossier de prensa, e grado de cumprimento dos obxectivos dentro do Plan de Marketing da produtora.
3. Deberá achegar documentación que verifique o número de salas nas que se distribuíu a película e os datos oficiais de recadación en taquilla no territorio no que se estreou. A efectos de xustificación poderán presentarse certificacións dos distribuidores no referente á taquilla e os dossieres de prensa no tocante ao número de salas en países onde non estea informatizada e oficializada a recadación.
4. Datos bancarios (Anexo IV).

14. Pago das axudas

O importe das axudas será aboado unha vez se reciba a xustificación da produtora, conforme ao punto 13, xunto coa solicitude de pago remitida ao Consorcio pola produtora beneficiaria da axuda.

No caso de que a xustificación de gastos reflectida no punto 11.1 sexa menor, poderá reducirse o importe da axuda concedida, na mesma proporción.

15. Outras obrigas dos beneficiarios

- a) Autorizar ao Consorcio Audiovisual de Galicia para que utilice a película nas súas actividades de promoción.
- b) Facer constar na cartelería e material de promoción que se faga para o acto de estrea/pre-estrea a imaxe corporativa do Consorcio Audiovisual de Galicia.
- c) Nos actos públicos previstos pola estrea/preestrea, o Consorcio terá unha axeitada representación institucional.
- d) Proporcionar en todo momento a información que lle sexa requirida en relación á subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación do Consorcio Audiovisual de Galicia, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas, do Consello de Contas e doutros órganos competentes.

16. Concorrenca

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas a través doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais e internacionais, supere o custo da actividade que vaia a desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que se estableza legalmente.

17. Revogación da axuda

O incumprimento por parte do beneficiario de calquera das obrigas previstas nas presentes bases facultará ao Consorcio Audiovisual de Galicia para instruír expediente sancionador, conforme ao previsto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias, de función pública e de actuación administrativa, e na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; se procede, anulará os beneficios concedidos e solicitará a devolución das cantidades percibidas, se as houbese, segundo o procedemento que establece o Regulamento xeral de recadación.

Santiago de Compostela, a 26 de xuño de 2006

O Director-Xerente
Ignacio Varela Ramos

ANEXO II FORMULARIO DE SOLICITUDE

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA PRODUCTORA

Nome

Enderezo

Código Postal

Localidade

Provincia

CIF

Teléfono

Fax

Páxina web

Representante Legal

Persoa contacto

2. DATOS DA LONGAMETRAXE OBXECTO DE SOLICITUDE

Título versión orixinal

Data produción

Orzamento produción

Xénero

Ficción

Animación

Documental

Datos coproduccións

Coprodución

SI

NON

Empresa

% participación

Datos técnicos

Duración (minutos)

Formato

Lingua versión orixinal

Sistema de son

Datos artísticos

Director

Guionista

Actores

Breve sinopse

Nomeamentos e premios acadados

3. PLAN DE DISTRIBUCIÓN (UN POR TERRITORIO)

Datos de distribución no territorio a estrear

Territorio obxecto da solicitude

Título da versión a distribuír

Lingua da versión a distribuír

Data estrea

Datos identificativos da distribuidora

Nome

Enderezo

Código Postal

Localidade

Provincia

CIF

Teléfono

Fax

Páxina web

Representante Legal

Persoa contacto

Plan de distribución, promoción e marketing

Nº de copias

Relación de cidades, cines e aforos

Descrición do plan de distribución

Estimación do orzamento de explotación do plan de distribución, promoción e marketing

Moeda local

Euros

Publicidade en calquera medio

Material de difusión e promoción

Prensa

Copias

Traslados

Outros

Total

Desglose do orzamento de explotación

4. ORZAMENTO DO ACTO DE ESTREA/PREESTREA

Estimación do orzamento do acto de estrea/preestrea

	Moeda local	Euros
Publicidade en calquera medio		
Material de difusión e promoción		
Prensa		
Copias		
Traslados		
Outros		
Total		
Subvención solicitada		
% subvención solicitada/orzamento estrea		

Desglose do orzamento do acto de estrea/preestrea

5. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

Escrituras de constitución da empresa

Escrituras de poder do representante

Copia do CIF da empresa solicitante

Declaración de non ter débedas coa Seguridade Social, Facenda pública estatal e autonómica

Declaración xurada do produtor executivo coa conformidade de todos os coprodutores

Declaración do representante con respecto ao número de copias

Copia do contrato de distribución

Certificación do ICAA ou EGEDA de participación na coproducción

Copia en DVD da película obxecto de solicitude

a de de 2006

Asinado:

Director-Xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia

ANEXO III ACEPTACIÓN AXUDA

BENEFICIARIO

PROXECTO SUBVENCIONADO

Trala notificación que nos realizou o Consorcio Audiovisual de Galicia da concesión dunha subvención por importe de _____ euros para a estrea dunha longametraxe cinematográfica fóra de Galicia, conforme á Resolución de data _____ do Director-Xerente.

EXPOÑO

Que acepto a mesma e que me comprometo a cumprir todos os requisitos que me son esixibles segundo a Resolución.

Así mesmo,

DECLARO

O meu coñecemento expreso de todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria así como do réxime de infraccións e sancións legalmente establecido en materia de subvencións; comprometéndome expresamente a cumprir o obxecto da subvención no prazo e condicións establecidas.

_____, de _____ de 2006

O/a representante legal da produtora beneficiaria

Asinado:

Director-Xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia

ANEXO IV DATOS BANCARIOS

Ficha de solicitude de transferencia bancaria

Titular da conta DNI/NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE (INDICAR CÓDIGO POSTAL)

TELÉFONO

DATOS DA CONTA

CÓDIGO BANCO CÓDIGO SUCURSAL D.C. CÓDIGO DA CONTA

BANCO

ENDEREZO

C.P. LOCALIDADE

CERTIFICO:

Que os datos enriba reflectidos son correctos e corresponden ao título e número de conta.

En _____, a _____ de _____ de 2006

SINATURA DO SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA